

ESTADÍSTICA. UN PRIMEIRO PASO: PORCENTAXES, TAXAS, VARIACIÓNS E NÚMEROS ÍNDICE

ACTIVIDADE 2. A PERSPECTIVA DE XÉNERO NOS SALARIOS

Obxectivos:

- ◆ Coñecer e comparar os salarios de homes e mulleres mediante porcentaxes.
- ◆ Aprender a calcular taxas de variación absolutas e relativas.
- ◆ Analizar os salarios da poboación segundo o sexo a través das taxas calculadas.

Coñecementos previos necesarios:

- ◆ Esta é unha actividade básica, polo que non se precisa ter ningún coñecemento previo, excepto unhas pequenas nocións de como utilizar unha folia de cálculo. De todos os xeitos, a maior parte dos cálculos que se fan nesta actividade, pódense realizar cunha calculadora.

Cuestións a resolver:

- 1) Completa a seguinte táboa cos datos do salario bruto anual segundo o sexo para os dous últimos períodos dispoñibles, para Galicia e para España e calcula a porcentaxe que representa en cada caso o salario das mulleres sobre o salario dos homes:

		Total	Homes	Mulleres	% Salario Mulleres / Salario Homes
Ano ...	Galicia				
	España				
Ano ...	Galicia				
	España				

No último período, en Galicia, ¿cal foi o salario bruto anual dos homes e cal o das mulleres?, ¿cal foi a diferenza entre eles?

Salario bruto anual: Homes Mulleres

Salario bruto anual dos homes – Salario bruto anual das mulleres

A partir dos datos calculados para os dous últimos períodos da porcentaxe que representa o salario das mulleres sobre os dos homes:

En Galicia, ¿aumentaron ou diminuíron as diferenzas salariais entre homes e mulleres?.....

¿As diferenzas por sexo nos salarios en España son maiores ou menores que no caso galego?

¿Que indicaría unha porcentaxe do salario das mulleres sobre o dos homes igual a 100?¿E superior a 100?.....

- 2) Completa a seguinte táboa cos datos do salario bruto anual por sexo e grupos de idade para Galicia para o último período dispoñible a calcula a porcentaxe que representa o salario das mulleres sobre o dos homes en cada grupo de idade:

	Homes	Mulleres	% Salario Mulleres / Salario Homes
Menor de 25			
25-34			
35-44			
45-54			
55 e máis			

¿Existe relación entre a idade e o salario bruto dos traballadores?

¿En que grupo de idade as diferenzas salariais entre home e mulleres son menores?.....¿En cal son maiores?.....

- 3) Completa a seguinte táboa cos datos do salario bruto anual segundo o sexo e o nivel de estudos alcanzado para Galicia para o último período dispoñible e calcula a taxa de variación relativa do salario dos homes con respecto ao das mulleres:

Taxa de variación relativa= (Salario homes - Salario mulleres) / Salario mulleres * 100

	Homes	Mulleres	Taxa de variación relativa (%)
Analfabetos, primaria e secundaria 1ª etapa			
Secundaria 2ª etapa e postsecundaria non terciaria			
Terciaria			

¿Pódese observar algún tipo de relación entre o salario bruto anual e o nivel de estudos alcanzado, tanto en homes como en mulleres?.....

¿En que nivel de estudos as diferenzas salariais son maiores?.....
.....¿En cal son menores?.....

- 4) Cos datos do salario bruto anual segundo o sexo e tipo de xornada para Galicia no para o último período dispoñible completa a táboa e calcula a porcentaxe que representa o salario das mulleres sobre o dos homes en cada tipo de xornada:

	Homes	Mulleres	% Salario Mulleres / Salario Homes
Tempo completo			
Tempo parcial			

¿O salario dos homes a tempo completo é maior ou menor que o salario dos homes a tempo parcial?.....¿Sucede o mesmo no caso das mulleres?.....

As traballadoras con xornada a tempo parcial cobran o% do que perciben os homes con xornada parcial.

- 5) Completa a seguinte táboa cos últimos datos dispoñibles do salario bruto anual dos traballadores galegos segundo o sexo e tipo de contrato, de duración indefinida ou de duración determinada e calcula a taxa de variación relativa do salario dos homes con respecto ao das mulleres para cada tipo de contrato:

	Homes	Mulleres	Taxa de variación relativa (%)
Duración indefinida			
Duración determinada			

O salario das mulleres galegas que teñen un contrato indefinido ¿é maior ou menor que o salario dos homes con este tipo de contrato?.....
¿canto?.....

¿En que tipo de contrato poderíamos considerar que existen maiores diferenzas salariais entre homes e mulleres?.....¿por que?.....
.....